

UAMI

Unidade de Asesoramento de Migracións
Concello da Coruña

GUÍA PRÁCTICA

SERVIZO DO FOGAR

FAMILIAR

ACTUALIZADA

Ano 2019

INDICE

- 1.- PRESENTACIÓN.**
- 2.- DEFINICIÓN DA RELACIÓN LABORAL ESPECIAL DO SERVIZO DO FOGAR FAMILIAR.**
- 3.- O CONTRATO DE TRABALLO.**
- 4.- O SALARIO.**
- 5.- DURACIÓN DO CONTRATO DE TRABALLO.**
- 6.- XORNADA LABORAL, VACACIÓNS E PERMISOS.**
- 7.- EXTINCIÓN DO CONTRATO DE TRABALLO.**
- 8.- SEGURIDADE SOCIAL.**
- 9.- INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN.**
- 10.- PRESTACIÓNS A QUE TEN DEREITO O/A TRABALLADOR/A.**
- 11.- EXEMPLOS PRÁCTICOS E PREGUNTAS MÁIS FRECUENTES.**
- 12.- LEXISLACIÓN.**
- 13.- ANEXO I.**

1.- PRESENTACIÓN.

A principal novidade para este ano 2019 é o notable incremento das bases de cotización como consecuencia do aumento do salario mínimo interprofesional (SMI). Do mesmo xeito que en anos anteriores e coa mesma finalidade de facilitar a xestión, a realización dos distintos trámites e o cumprimento das esixencias que expón a normativa específica de servizo do fogar familiar, preparamos a presente guía práctica desde a UAMI. Nela recolleemos: información, modelos de contrato de traballo, preaviso, nómina e liquidación, exemplos prácticos; e respondemos as preguntas máis frecuentes que se expoñen no día a día do noso traballo.

A pretensión deste manual práctico é a de aclarar dúbidas, tanto á persoa que quere contratar un/a empregado/a do fogar e coñecer os pasos que ha de seguir para iso, como a persoa traballadora, para que coñeza os seus dereitos e obrigacións.

A guía elaborouse na Unidade de Asesoramento a Migracións polo elevado número de mulleres inmigrantes que desenvolven o seu traballo no noso país, neste sector.

A Coruña, febreiro 2019

Unidade de Asesoramento de Migracións (UAMI)
Concellería de Igualdade e Diversidade.
Concello da Coruña

2.- DEFINICIÓN DA RELACIÓN LABORAL ESPECIAL DO SERVIZO DO FOGAR FAMILIAR.

Considérase relación laboral especial do servizo do fogar familiar a que concertan a persoa titular desta, como empregador/a, e o/a empregado/a que, dependentemente e por conta daquel, presta servizos retribuídos no ámbito do fogar familiar.

Actividades incluídas:

- Tarefas domésticas.
- Coidado ou atención das e dos membros da familia.
- Outros traballos tales como gardería, xardinería, condución de vehículos, cando formen parte do conxunto das tarefas domésticas.

Actividades excluídas:

- Relacións concertadas por persoas xurídicas, de carácter civil ou mercantil.
- Relacións concertadas a través de empresas de traballo temporal.
- Relacións de persoas coidadoras profesionais contratadas por institucións públicas ou por entidades privadas.
- Relacións de persoas coidadoras non profesionais en atención a persoas en situación de dependencia no seu domicilio.
- Relacións concertadas entre familias.
- Traballo a título de amizade, benevolencia ou boa veciñanza.

3.- O CONTRATO DE TRABALLO.

- **De palabra.**
- **Por escrito** os contratos de duración determinada cuxa duración sexa igual ou superior a catro semanas.

Contido mínimo:

- As prestacións salariais en especie, cando se conveu a súa existencia.
- A duración e distribución dos tempos de presenza pactados, así como o sistema de retribución ou compensación destes.
- O réxime de pernoitas da e do empregado do fogar no domicilio familiar, no seu caso.

4.- O SALARIO.

A persoa traballadora, como mínimo, cobrará en metálico o salario mínimo interprofesional, referido á xornada de traballo completa (40 horas semanais). Cando exista salario en especie, este non poderá superar o 30% das percepcións salariais.

A persoa traballadora terá dereito a dúas **pagas extraordinarias ao ano.**

As persoas traballadoras que **traballen por horas** perciben **unha retribución global** polas horas efectivamente traballadas, que **inclúe a totalidade dos conceptos retribuídos** (salario polo tempo traballado e as partes proporcionais ás pagas extraordinarias, descanso semanal e vacacións).

Real decreto 1462/2018, do 21 de decembro, polo que se fixa o **salario mínimo interprofesional (SMI) para 2019:**

SMI diario:	30 euros/día.
SMI mensual:	900 euros /mes.
SMI en cómputo anual:	12.600 euros/ano.

No caso das/os **empregadas/os do Fogar que traballen por horas**, o salario mínimo será de **7,04 euros por hora** efectivamente traballada.

A documentación do salario realizarase mediante a entrega ao traballador dun recibo de salarios (nómina).

O Ministerio de Empleo e Seguridade Social publicou modelo de nómina.

http://www.mitramiss.gob.es/es/portada/serviciohogar/modelos/modelo_NOMEA_SERVIZO_FOGAR_FAMILIAR_2019.pdf

Modelo de nómina do servizo do fogar familiar

EMPLEADOR/A	TRABAJADOR/A		
CIF	NIF		
DOMICILIO	Nº S. SOCIAL		
POBLACIÓN	CATEGORÍA		
CCC	ANTIGÜEDAD		
Periodo liquidación		Nº días/horas	
I. DEVENGOS			TOTALES
1. Percepciones salariales			
Salario base			
Complementos salariales			
Tiempo de presencia			
Otros			
Horas extraordinarias			
Gratificaciones extraordinarias			
Paga extra junio			
Paga extra diciembre			
Salario en especie			
Alojamiento			
Manutención			
2. Percepciones no salariales			
Indemnizaciones o suplidos			
Prestaciones e indemnizaciones de la Seguridad Social			
Prestaciones en especie (valoración económica)			
A. TOTAL DEVENGADO			- €
II. DEDUCCIONES			
1. Aportación del trabajador a las cotizaciones a la S.S.			
Total contingencias	Base	Tipo	
	0,00	4,70%	- €
2. Anticipos			
3. Valor de los productos recibidos en especie			
4. Otras deducciones			
B. TOTAL A DEDUCIR			- €
LÍQUIDO TOTAL A PERCIBIR (A-B)			- €
Firma del empleador		Fecha	Recibí
Determinación de la base de cotización a la Seguridad Social (D. Tr. 16º LGSS)			
Remuneración mensual (incluida prorrateo pagas extraordinarias)			
Aportación del empleador a las cotizaciones a la S.S.			
	Base	Tipo	Total
Contingencias comunes	0,00	23,60%	- €
Contingencias profesionales	0,00	1,50%	- €

5.- DURACIÓN DO CONTRATO DE TRABALLO

O contrato de traballo poderá celebrarse por tempo **indefinido** ou por unha **duración determinada**.

Canto á duración, incorpórase a regra xeral da presunción do carácter indefinido do contrato desde o inicio da relación laboral, remitindo tamén á regulación xeral do Estatuto dos traballadores os supostos en que pode concertarse un contrato de duración determinada en atención ao principio de causalidade.

O Ministerio de Emprego e Seguridade Social publicou os modelos de contratos de traballo da relación do servizo do fogar familiar:

<http://www.sepe.es/contratos/index3.html#dous>

6.- XORNADA LABORAL, VACACIÓNS E PERMISOS

A xornada máxima laboral será de 40 **horas semanais**.

Entre o final dunha xornada e o inicio da seguinte deberá mediar un descanso mínimo de 12 horas.

O/a empregado/a interno/a dispoñerá polo menos de 2 horas para as comidas principais. Este tempo non computa como tempo de traballo, senón de descanso. O descanso semanal será de 36 horas consecutivas que comprenden, como regra xeral, a tarde do sábado ou a mañá do luns e o domingo completo.

Os tempos de presenza terán a duración e serán obxecto de retribución ou compensación nos termos que as partes acorden, non podendo exceder de 20 horas semanais de media nun período dun mes.

Definición: Tempo de presenza

Aquel que non se considera de traballo efectivo, senón que se permanece no fogar da familia a disposición do/a empregador/a pero sen realizar traballo ningún.

As vacacións anuais serán de 30 días naturais que poderán fraccionarse en dous ou máis períodos, aínda que un deles será como mínimo de 15 días consecutivos. En defecto de pacto sobre o(s) período(s) de vacacións, 15 días poderán ser fixados polo/a empregador/a, de acordo coas necesidades familiares, e o resto elixiraos libremente a persoa empregada. Estas datas deberán ser coñecidas con dous meses de antelación ao comezo do seu desfrute.

A persoa traballadora terá dereito ao gozo das **festas e permisos** previstos para o resto dos traballadores.

7.- EXTINCIÓN DO CONTRATO

A relación laboral extinguirase por:

- **Despedimento disciplinario**, mediante notificación por escrito. Se o despedimento declárase **improcedente** a indemnización será equivalente ao salario correspondente a 20 *días naturais* multiplicado polo número de anos de servizo, co límite de 12 mensualidades.

- **Desistencia do/a empregador/a**, que deberá de serlle comunicada por escrito ao/a empregado/a do fogar, en caso da prestación de servizo fose superior a un ano, o/a empregador/a deberá conceder un prazo de 20 días, sendo nos demais casos de 7 días.

Simultaneamente, deberá de poñer a disposición do/a traballador/a unha indemnización (integralmente en metálico), de contía equivalente a 12 *días naturais* por ano de servizo, co límite de 6 mensualidades. A contía de 12 días aplicaráselles unicamente aos contratos celebrados a partir do 1 de xaneiro de 2012.

A contía da indemnización prevista á finalización do contrato por desistencia do/a empregador/a para os contratos celebrados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2012 será de 7 *días naturais por ano de servizo*.

INDEMNIZACIÓN

20 días
por ano traballado

**Despedimento
improcedente**

Contratos indefinidos e de duración determinada

Contratos realizados
antes do 1 de xaneiro de 2012

7 días
por ano traballado

**Desistencia
do/a
empregador/a**

Contratos indefinidos e de duración determinada

12 días
por ano traballado

- **Modelo de comunicación de:**

Desistencia de contrato polo/a empregador/a con preaviso

<http://www.mitramiss.gob.es/es/portada/serviciohogar/modelos/mod-desestimio-conpreaviso.pdf>

Desistencia de contrato polo/a empregador/a sen preaviso

<http://www.mitramiss.gob.es/es/portada/serviciohogar/modelos/mod-desestimio-sinpreaviso.pdf>

- **Modelo de documento de liquidación:**

<http://www.mitramiss.gob.es/es/portada/serviciohogar/modelos/mod-recibo-liquidación.pdf>

O/a empregador/a poderá substituír o preaviso por unha indemnización equivalente aos salarios do devandito período.

PREAVISO	
Contratos de duración superior a un ano.	20 días
Contratos de duración inferior a un ano.	7 días

8.- SEGURIDADE SOCIAL

A partir do 1 de xaneiro de 2012, o Réxime Especial da Seguridade Social dos/as empregados/as do fogar integrouse no Réxime Xeral como un sistema especial.

Quen ten a obrigaón de dar de alta e cotizar á Seguridade Social?

O/a empregador/a deberá de ser quen dea de alta á persoa traballadora na Seguridade Social; **correspóndelle ao/a empregador/a**. No caso de que a persoa traballadora preste servizos en varios fogares, correspóndelle a cada un dos/as distintos/as empregadores/as.

A partir do 1 de abril de 2013, as persoas traballadoras que presten os seus servizos durante menos de 60 horas mensuais por empregador/a poderán formular directamente a súa afiliación, altas e baixas, cando así o acorden cos/coas seus/súas empregadores/as.

Onde se solicita?

Nas administracións da Tesourería Xeral da Seguridade Social. Na Coruña:

Rolda de Nelle, 76
15005 A Coruña
Teléfono: 981 145 907

Rúa Rafael Alberti, 11 - 13
15008 A Coruña
Teléfono: 981 174 959

Rúa Marcial del Adalid, 3 - 5 - 7
15005 A Coruña
Teléfono: 881 909 280

Horario: de luns a venres, de 09.00 h. a 14.00 h

A obriga de ingresar a cota total de cotización na Seguridade Social correspóndelle ao/a empregador/a, pero se a persoa traballadora presta os seus servizos durante menos de 60 horas mensuais por empregador/a, poderá solicitar directamente a súa afiliación, alta e baixa, cando así o acorden ambas as partes.

Prazo de presentación:

- A solicitude de alta deberá formularse con antelación ao comezo da actividade.
- A solicitude de baixa e variacións de datos presentarase dentro do prazo dos 3 días naturais seguintes ao do cesamento no traballo ou daquel en que se produza a variación.

Canto hai que cotizar?

As bases de cotización por continxencias comúns e profesionais determinaranse de acordo coa seguinte escala, **en función da retribución** percibida polos/as empregados/as do fogar:

Tramo	Retribución mensual €	Base de cotización €/mes	Cota total a ingresar na Seguridade Social 29,40%	A cargo do/a empregador/a 23,60%+1,10%	A cargo do/a traballador/a 4,70%
1.º	Ata 240	206	61,39	51,71	9,68
2.º	Desde 240,01 ata 375,00	340	101,32	85,34	15,98
3.º	Desde 375,01 ata 510,00	474	141,25	118,97	22,28
4.º	Desde 510,01 ata 645,00	608	181,19	152,61	28,58
5.º	Desde 645,01 ata 780,00	743	221,42	186,50	34,92
6.º	Desde 780,01 ata 914,00	877	261,35	220,13	41,22
7.º	Desde 914,01 ata 1.050,00	1.050	312,90	263,55	49,35
8.º	Desde 1.050,01 ata 1.144,00	1.097	326,91	275,35	51,56
9.º	Desde 1.144,01 ata 1.294,00	1.232	367,13	309,23	57,90
10.º	Desde 1.294,01	Retribución mensual bruto			

- O tipo de cotización para **continxencias comúns** será:
 - No ano 2019, o **28,30%**: sendo o **23,60%** a cargo do/a empregador/a e o **4,70%** a cargo do/a empregado/a.
- O tipo de cotización por continxencias **profesionais** será:
 - O **1,10%** sobre a base de cotización a cargo exclusivo do/a empregador/a: sendo IT: 0,65%, IMS: 0,45%.

- Desde o 1 de abril de 2013, o/a empregado/a do fogar que preste os seus servizos durante menos de 60 horas mensuais por empregador/a, e así se acorde, será o responsable de ingresar a achega propia e a correspondente ao/a empregador/a (ou, no seu caso, empregadores/as) co que manteña tal acordo.
- A responsabilidade por incumprir a obriga de cotizar ao Sistema Especial de Empregados/as do Fogar nestes supostos corresponderalle ao propio empregado/a e, subsidiariamente, ao/a empregador/a ou empregador/es, agás que estes/as acrediten a entrega das súas achegas.
- O/a empregado/a do fogar non cotiza por desemprego.
- O pagamento das cotizacións farase efectivo durante o mes seguinte á súa devindicación.
- A obrigación de cotizar mantense desde a data do comezo da actividade ata o cesamento na devandita actividade.

Total cota a ingresar na Seguridade Social: 29,40%
da base de cotización mensual.

O/a empregador/a cotiza en total 24,70% (23,60% + 1,10%).

A persoa traballadora, o 4,70%.

9.- INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN

- Durante o ano 2019, aplicarase unha **redución do 20%** ás cotizacións pagadas pola contratación de persoas que presten servizos no fogar familiar, e queden incorporadas a este Sistema Especial, sempre que a obriga de cotizar se iniciase a partir do 1 de xaneiro de 2012.
Esta redución aplicarase de forma automática, non hai que solicitala.
- No caso das familias **numerosas**, esta redución **ampliarase ata o 45%** sempre que as persoas empregadas presten servizos de maneira exclusiva e que as dúas persoas ascendentes ou a ascendente, no caso de familia monoparental, exerzan unha actividade profesional por conta allea ou propia fóra do fogar, ou estean incapacitados/as para traballar. Cando a familia numerosa sexa de categoría especial, non cumprirá que os/as proxenitores/as desenvolvan calquera actividade retribuída fóra do fogar.
- Só se lle recoñecerá esta bonificación a unha soa persoa coidadora por unidade familiar.
Esta redución non se aplicará automaticamente, hai que solicitala.
- Ás persoas traballadoras que asuman o cumprimento das obrigas en materia de cotizacións e recadación (quen preste os seus servizos durante menos de 60 horas mensuais por empregador/a), non se lles aplicará a redución.

10.- PRESTACIÓNS ÁS QUE TEN DEREITO A PERSOA TRABALLADORA

- O período de prestación por incapacidade **temporal en caso de enfermidade común ou accidente non laboral**, aboarase:
 - **Desde o 4.º ao 8.º día de baixa**, ambos inclusive: a cargo da persoa empregadora.
 - **A partir do 9.º día de baixa**: a cargo da Seguridade Social.
- Tense dereito a incapacidade **temporal por accidente de traballo e enfermidade profesional**. O subsidio será do 75% da base reguladora* e cobrarase desde o día seguinte **ao da baixa**.
- O pago do subsidio por incapacidade temporal efectuarao directamente a entidade á que corresponda a súa xestión (INSS ou mutua), sen ser procedente o pago delegado deste.
- Non se ten dereito a prestación por desemprego.

A persoa traballadora do servizo do fogar familiar **NON ten dereito a prestación por desemprego** ao finalizar o seu contrato.

*Base reguladora:

- Cando o/a traballador/a está contratado/a a xornada completa:
Base reguladora = base de cotización do mes anterior.
- Cando o/a traballador/a está contratado/a a xornada parcial:
Base reguladora = media da base de cotización dos tres meses anteriores.

11.- EJEMPLOS PRÁCTICOS E PREGUNTAS MÁIS FRECUENTES

Son un/ha empregado/a:

Teño que darme de alta na Seguridade Social se traballo por horas?

Non, a obrigaón de cotizar é do/a empregador/a, xa que é o suxeito responsable de solicitar a alta da persoa traballadora e comunicarlle á Seguridade Social a retribución mensual que lle paga a aquela.

Porén, as persoas traballadoras que presten os seus servizos durante menos de 60 horas mensuais por empregador/a poderán formular directamente a súa afiliación, altas e baixas, cando así o acorden cos seus empregadores ou empregadoras.

Que pasos teño que seguir para darme de alta?

Hai que presentar na administración da Tesourería Xeral da Seguridade Social (no apartado 8 figuran os enderezos na cidade da Coruña), antes de iniciar a actividade (modelos no Anexo I):

- Solicitud de alta, baixa ou variación de datos do traballador/a por conta allea no Réxime Xeral - Sistema Especial para Empregados/as do Fogar (**TA.2/S**, con fotocopia de DNI da persoa empregadora).
- **Contrato de Trabajo** (modelos do apartado 5).

Se presto os meus servizos para varios/as empregadores/as, terei que presentar unha solicitude e un contrato por cada un/ha deles/as.

Teño dereito a prestación por desemprego?

Non, o/a empregado/a do fogar non cotiza por desemprego.

Se estou enfermo/a, teño dereito á incapacidade temporal (IT)?

O subsidio por incapacidade temporal en caso de enfermidade común ou accidente non laboral percibirase **desde o cuarto día da baixa no traballo**, e está ao cargo do/a empregador/a aboarlle a prestación á persoa traballadora desde ese día ata o oitavo da citada baixa, ambos inclusive. A partir do noveno día a baixa será aboada pola Seguridade Social.

Cando a incapacidade temporal derive dun **accidente de traballo ou dunha enfermidade profesional**, o subsidio percibirase **a partir do día seguinte ao da baixa médica no traballo**.

Son unha persoa que quere contratar a un/ha empregado/a do fogar.

Que pasos teño que seguir?

1.º Presentar na administración da Tesourería Xeral da Seguridade Social (no apartado 8 figuran os enderezos na cidade da Coruña), antes de que o/a traballador/a inicie a actividade (modelos Anexo I):

- Solicitud de inscrición no Sistema da Seguridade Social (**TA.6**) para solicitar o meu número de Código de Conta de Cotización se é a primeira vez que dou de alta a un/ha traballador/a como empregado/a do fogar.
- Solicitud de alta, baixa e variación de datos de conta de cotización (**TA.7**), se xa teño número de Código de Conta de Cotización.
- Solicitud de alta, baixa ou variación de datos do traballador/a por conta allea no Réxime Xeral - Sistema Especial para Empregados/as do Fogar (**TA.2/S**)
- **Contrato de traballo** (modelos do apartado 5).

2.º Ao final de cada mes ha de entregar un recibo de salarios, **nómina** (modelo no apartado 5) ao/a traballador/a.

Se durante o ano 2012 contratei un/ha empregado/a do fogar, pero traballa menos de 60 horas mensuais no meu domicilio, actualmente que sucede se solicito a baixa do/a traballador/a e solicita o/a traballador/a directamente a alta na Seguridade Social?

- Perdo o 20% de desconto da cota de Seguridade Social e ademais ha de figurar na nómina (que entrego todos os meses ao/a traballador/a) a parte do salario que corresponde á cotización do/a empregador/a, aínda que o ingreso directamente o/a traballador/a.

Como e canto teño que cotizar?

- O ingreso das cotas corresponde ao/a empregador/a, que deberá facelo efectivo mediante domiciliación bancaria. Porén, as persoas traballadoras que presten os seus servizos durante menos de 60 horas mensuais por empregador/a poderán formular directamente a súa afiliación, altas e baixas, cando así o acorden cos seus empregadores ou empregadoras.
- A contía da cotización será en función da retribución percibida polos/as empregados/as do fogar.

12.- LEXISLACIÓN

- Real decreto 1462/2018, do 21 de decembro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2019.
- Orde ESS/106/2017, do 9 de febreiro, pola que se desenvolven as normas legais de cotización á Seguridade Social, desemprego, protección por cesamento de actividade, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional para o exercicio 2017 (BOE do 11 de febreiro de 2017).
- Texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro (BOE do 31 de outubro de 2015).
- Lei 48/2015, do 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016 (BOE do 30 de outubro de 2015).
- Real decreto-lei 29/2012, do 28 de decembro, de mellora de xestión e protección social no Sistema para Empregados/as do Fogar e outras medidas de carácter económico e social.
- Real decreto 1620/2011, do 14 de novembro, polo que se regula a relación laboral de carácter especial do servizo do fogar familiar (BOE do 17 de novembro de 2011).
- Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social (disposición adicional 39 e disposición transitoria única). (BOE do 2 de agosto de 2011)

13.- ANEXO I

- **Modelo TA.2/S-0138: Solicitude de alta, baixa ou variación de datos do traballador/a por conta allea no Réxime Xeral - Sistema Especial para Empregados/as do Fogar.**

http://www.seg-social.es/wps/wcm/connect/wss/8cd0aeda-1311-4e24-a310-76b5eb52ef1e/TA_2S-138+%28V.8%29.pdf?MOD=AJPERES&CVID=

- **Modelo TA.6 – 0138: Solicitude de Código Conta Cotización para empregadores/as no Sistema Especial do Fogar e baixa e variación de datos.**


http://www.seg-social.es/wps/wcm/connect/wss/86e683a8-794e-4569-99bc-ec231fc58af2/TA_6+138+%28V.5%29.pdf?MOD=AJPERES&CVID=

- **Modelo TA.7: Solicitude de alta, baixa e variación de datos de conta de cotización.**

http://www.seg-social.es/wps/wcm/connect/wss/45030a2b-633e-40f9-9699-eea1f8e5335a/TA_7+%28V.11%29.pdf?MOD=AJPERES&CVID=

Se son empregador/a, como calculo o que me corresponde cotizar?

Tramo	Retribución mensual €	Base de cotización €/mes	Cota total a ingresar na Seguridade Social 29,40%	A cargo do empregador/a 23,60%+1,1%	A cargo do traballador/a 4,70€	Redución empregador/a 20% €/mes	Cota reducida	FAMILIA NUMEROSA	
								Redución empregador/a 45% €/mes	Cota reducida
1.º	Ata 240	206	61,39	51,71	9,68	9,72	51,67	21,88	39,51
2.º	Desde 240,01 ata 375,00	340	101,32	85,34	15,98	16,05	85,27	36,11	65,21
3.º	Desde 375,01 ata 510,00	474	141,25	118,97	22,28	22,37	118,88	50,34	90,91
4.º	Desde 510,01 ata 645,00	608	181,19	152,61	28,58	28,70	152,49	64,57	116,62
5.º	Desde 645,01 ata 780,00	743	221,42	186,50	34,92	35,07	186,35	78,91	142,51
6.º	Desde 780,01 ata 914,00	877	261,35	220,13	41,22	41,39	219,96	93,14	168,21
7.º	Desde 914,01 ata 1.050,00	1.050	312,90	263,55	49,35	49,56	263,34	111,51	201,39
8.º	Desde 1.050,01 ata 1.144,00	1.097	326,91	275,35	51,56	51,78	275,13	116,50	210,41
9.º	Desde 1.144,01 ata 1.294,00	1.232	367,13	309,23	57,90	58,15	308,98	130,84	236,29
10.º	Desde 1.294,01	Retribución mensual bruta							



Se son traballador/a, como calculo o que me corresponde cotizar?

Tramo	Retribución mensual €	Base de cotización €/mes	Cota total a ingresar na Seguridade Social 29,40%	A cargo do empregador/a 23,60%+1,1%	A cargo do traballador/a 4,70%
1.º	Ata 240	206	61,39	51,71	9,68
2.º	Desde 240,01 ata 375,00	340	101,32	85,34	15,98
3.º	Desde 375,01 ata 510,00	474	141,25	118,97	22,28
4.º	Desde 510,01 ata 645,00	608	181,19	152,61	28,58
5.º	Desde 645,01 ata 780,00	743	221,42	186,50	34,92
6.º	Desde 780,01 ata 914,00	877	261,35	220,13	41,22
7.º	Desde 914,01 ata 1.050,00	1.050	312,90	263,55	49,35
8.º	Desde 1.050,01 ata 1.144,00	1.097	326,91	275,35	51,56
9.º	Desde 1.144,01 ata 1.294,00	1.232	367,13	309,23	57,90
10.º	Desde 1.294,01	Retribución mensual bruta			

